

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código   | Centro       | Concello | Ano académico |
|----------|--------------|----------|---------------|
| 15026111 | CRA de Narón | Narón    | 2023/2024     |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza          | Nome da área/materia/ámbito | Curso   | Sesións semanais | Sesións anuais |
|--------------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Educación infantil | Crecedemento en harmonía    | 4º Inf. | 8                | 280            |

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

| <b>Contido</b>  | <b>Páxina</b> |
|---|---------------|
| 1. Introducción   | 3             |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias                                  | 3             |
| 3.1. Relación de unidades didácticas  | 4             |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas   | 6             |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas  | 15            |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos  | 16            |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial   | 17            |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación  | 17            |
| 6. Medidas de atención á diversidade  | 17            |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais  | 18            |
| 7.2. Actividades complementarias  | 18            |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 19            |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora                                    | 20            |
| 9. Outros apartados   | 20            |

## 1. Introducción

Esta área ten como finalidade que o alumnado coñeza, domine e coide o seu corpo de forma multidimensional: valoración propia, autonomía, identidade e convivencia coas demais persoas. Centrase na dimensión persoal e social dos nenos e nenas.

Recollendo os principios do currículo existe unha interrelación entre a Área de Crecemento en Harmonía e as dúas restantes, polo que respectamos o principio de globalidade en todas as situacións de aprendizaxe que se deseñan.

Conta, ao igual que as outras dúas áreas con dúas unidades didácticas por trimestre cujos contidos son seleccionados atendendo ás características do grupo a quen son dirixidas. Nestas, encádranse os proxectos que xurdan dos intereses dos nenos e nenas e que se engloben na temática das mesmas.

Ademáis programamos unha unidade que abarca todo o curso en relación ao proxecto anual do centro: Mar aberto.

Como unidade inicial dentro da programación desta área diseñamos unha secuencia de aprendizaxe con contidos especialmente relacionados co aprender a aprender, e que son de aplicación práctica como complemento para a investigación, manipulación e experimentación en todas as áreas do currículo.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos  | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|----|------|----|-------|----|----|------|
| OBX1 - Progresar no coñecemento e no control do seu corpo e na adquisición de distintas estratexias, adecuando as súas accións á realidade da contorna dunha maneira segura para construír unha autoimaxe axustada e positiva.            | 1   |    |      |    | 1     | 1  | 1  |      |
| OBX2 - Recoñecer, manifestar e regular progresivamente as súas emocións expresando necesidades e sentimentos para lograr o benestar emocional e a seguridade afectiva   | 1   | 1  |      |    | 1     | 1  | 1  | 1    |
| OBX3 - Adoptar modelos, normas e hábitos, desenvolvendo a confianza nas súas posibilidades e sentimentos de logro para promover un estilo de vida saudable e ecosocialmente responsable   |     |    | 1    |    |       | 1  | 1  | 1    |
| OBX4 - Establecer interaccións sociais en condicións de igualdade, valorando a importancia da amizade, do respecto e da empatía para construír a súa propia identidade baseada en valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos |     |    |      |    |       | 1  | 1  | 1    |

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título         | Descrición  | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|----------------|---|------------|----------|----------|----------|
| 1  | Remando xuntos | Esta unidade trata a volta á escola ou ingreso do alumnado de nova incorporación. Supón un cambio importante para eles polo que partiremos do dun plan de acollida no que prime a estabilidade emocional, os seus afectos, as relacións sociais, as dinámicas de grupos, actitudes (colaboración, axuda, amizade, respecto,¿) ademais da adquisición de normas, rutinas e hábitos, fundamentais na escola para a súa dinámica diaria e as relacións entre membros dun grupo social. Polas peculiaridades do noso centro, tentaremos que o alumnado cheguen a ter sentimento de pertenza ó C.R.A. Polo que esta temática traballará de forma transversal, relacionando e completándoa coas diferentes unidades e proxectos que programamos. Realizaremos actividades nas que coñezan os integrantes do C.R.A, os espazos, instalacións e contorna, a nosa mascota Bufiña¿ Tamén realizaremos festas e saídas conxuntas e outros tipos de actividades actividades internivelares. | 30         | X        |          |          |
| 2  | Eu son así     | Esta unidade céntrase no descubrimento, coñecemento e control do nosos corpo, tanto a nivel físico como afectivo-emocional. De forma que cheguen a ter unha imaxe positiva deles e favorezan o seu crecemento e benestar. Evitando prexuízos e hábitos sexistas traballando na igualdade de xénero e a diversidade persoal. Teremos en conta as súas emocións e sentimentos, así como valores de respecto, tolerancia e igualdade. Poderemos plantexar nesta unidade, todo tipo de proxectos e propostas de aprendizaxe onde o alumno/a parta sempre do seu autoconecemento, executando actividades de todo tipo relacionadas co corpo humano, adquirindo os coñecementos e vocabulario relacionado con esta temática: as súas función, singularidades, coñecemento e expresión de emocións. Ademais promoveremos actitudes e hábitos saudables (descanso, hixiene, alimentación, exercicio físico) estes axudaranlle a aumentar a súa autonomía e medrar de forma san.         | 35         | X        |          |          |
| 3  | Arte miúda     | Nesta unidade acercaremos os nenos e nenas o mundo das artes e das diferentes manifestacións artísticas, empregando todo tipo de linguaxes e formas de expresión para poder chegar a unha educación integral. Sendo unha forma de expresión do seu mundo interior e maneira de ver o mundo exterior que lle rodea. Trátase dunha unidade estimulante para os nenos e nenas desta idade, xa que poden desenrolar a súa creatividade e imaxinación, experimentando con materiais e técnicas suxerentes para eles. Propoñendo actividades onde prime o gozo. Ademais será un medio para  | 30         | X        |          |          |

| UD | Título                | Descrición  | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-----------------------|---|------------|----------|----------|----------|
| 3  | Arte miúda            | acercarnos a diferentes manifestacións culturais, os autores e as súas obras¿ e realizaremos visitas a museos, exposicións, representacións musicais¿   | 30         | X        |          |          |
| 4  | A vida arredor do mar | Esta unidade centrarémola na pertenza do alumnado á sociedade, identificándoos como persoas pertencentes ó grupo social. Os contidos estarán relacionados coa organización e relacións sociais, manifestacións culturais¿ das sociedades actuais e históricas. Afondaremos na estruturación do tempo, presente e futuro, permítelles conformar unha idea de como se estrutura o tempo e permítenos facer comparacións dos cambios das persoas, traballos, lugares e de como foron cambiando ó longo da historia as sociedades e culturas. As actividades desenvolveranse a través do xogo simbólico para percibir, comprender e interiorizar outras formas de vida. Realizaremos investigacións e obradoiros, visita a museos, participación familiar, minimundos; coas que afiancen as súas aprendizaxes de forma lúdica. Ademais de fomentar actitudes de respecto, tolerancia e comprensión das costumes e diferenzas das diferentes sociedades e culturas. Entendendo a interculturalidade como enriquecedor para as nosas vidas. | 35         |          | X        |          |
| 5  | Mergúllate            | O contacto coa natureza é un dos pilares do noso C.R. A., pola nosa situación e os diferentes espazos das nosas escolas, permitíndonos achegarnos a ela dun xeito máis fácil e máis próximo. Así que poderemos traballar nesta categoría, proxectos relacionados co mundo vexetal e natural, sempre observando e descubriendo á natureza, traballando a través de talleres e propostas que favorezan o achegamento e disfrute dos distintos aspectos do mundo vexetal. A manipulación e experimentación activa por medio de todos os sentidos favorecerá a ampliación dos coñecementos do alumnado sobre este ámbito e potenciará a responsabilidade, respecto e sostibilidade en todos eles.   | 30         |          | X        |          |
| 6  | Quen vive aí?         | Con esta unidade achegaremos o alumnado o mundo animal. Os animais son un dos elementos da contorna natural máis significativos e estimulantes para eles/as. O alumnado amosan moita curiosidade por coñecer as principais características dos animais, especies, o seu hábitat, alimentación; o que nos permite, a súa vez, reflexionar sobre os beneficios que aportan á sociedade, asentar as bases do coidado e do respecto polos seres vivos, así como da importancia da sostibilidade para o futuro do planeta.   | 30         |          |          | X        |
| 7  | Mar aberto            | En esta unidade, de carácter anual , uniranse dous grandes obxectivos: por unha banda o coñecemento da contorna máis próxima, a través do estudo e investigación dos diferentes elementos do mar atendendo a súa composición, actividades e flora e fauna e por outra banda o coidado medio marino e o respecto polo medio ambiente.  | 90         | X        | X        | X        |

| UD | Título     | Descrición | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|------------|------------|------------|----------|----------|----------|
| 7  | Mar aberto |            | 90         | X        | X        | X        |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD   | Duración |
|----|----------------|----------|
| 1  | Remando xuntos | 30       |

| Craterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA |
|--|---|----|
| CA1.1 - Progresar no coñecemento do seu corpo axustando accións e reaccións e desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento   | Controla o seu corpo en diferentes situacións motrices.   | TI |
| CA1.5 - Coordinar e controlar ou seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá, mostrando un variado repertorio motriz                               | Adapta as súas posibilidades motrices ás actividades da vida cotiá. e ao emprego de diferentes obxectos |    |
| CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas                           | Axusta os seus movementos ao xogo dirixido e espontáneo   |    |
| CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino                 | Manexa diferentes útiles.   |    |
| CA2.2 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.                                  | Participa en xogos e situacións da vida cotiá.  |    |
| CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.  | Participa en xogos  |    |
| CA2.6 - Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais.   | Pide axuda aos adultos  |    |
| CA2.8 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferenzas individuais e evitando todo tipo de discriminación. | Acepta as diferenzas individuais nos xogos e actividades colectivas.                                    |    |
| CA3.1 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino.                | Utiliza diferentes útiles segundo as necesidades de cada situación                                      |    |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución                                       | IA |
|--|--|----|
| CA3.5 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas. | Adáptase aos tempos das actividades cotiás.                  |    |
| CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.   | Resolve problemas con axuda e aceptando as normas            |    |
| CA4.1 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.                          | Participa en xogos e situacións da vida cotiá.               |    |
| CA4.2 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas. | Adáptase aos tempos das actividades cotiás.                  |    |
| CA4.3 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía e evitando todo tipo de discriminación.                              | Participa en xogos e actividades colectivas.                 |    |
| CA4.4 - Relacionarse de maneira asertiva, con tolerancia e eficacia coas persoas coas que interacciona nas súas rutinas diarias e nas súas actividades cotiás.   | Interacciona cos seus compañeiros/as nas actividades cotiás. |    |
| CA4.7 - Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva propoñendo alternativas creativas e tendo en conta o criterio doutras persoas.                                     | Resolve conflitos de forma positiva.                         |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas.</li> <li>- Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade.</li> <li>- Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas.</li> <li>- Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado.</li> <li>- Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos ¿control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos¿ co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas.</li> <li>- Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións.</li> <li>- Avance e control progresivo da motricidade fina.</li> <li>- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.</li> <li>- Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas.</li> <li>- Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais.</li> </ul> |

## Contidos

- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.
- Aceptación construtiva de erros e correccións: manifestacións de superación e logro.
- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.
- Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia.
- Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.
- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.
- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.
- Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades.
- Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc.
- Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións.
- Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.
- Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto.
- Resolución de conflitos xurdidos nas interaccións sociais.
- A amizade como valor, así como elemento protector, de prevención da violencia e de desenvolvemento da cultura da paz.
- Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.
- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 2  | Eu son así   | 35       |

| Craterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA |
|---|--|----|
| CA1.2 - Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e nas súas diferentes partes mostrando un nivel de detalle acorde á súa idade ou estado madurativo, chegando a interiorizar paulatinamente o seu esquema corporal | Realiza a representación do seu corpo de forma sinxela         | TI |
| CA1.3 - Recoñecer as percepcións sensoriais propioceptivas e exteroceptivas captadas a través dos sentidos verbalizando as sensacións que producen  | Explica algunhas sensacións que lle producen os seus sentidos. |    |



| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA |
|---|--|----|
| CA1.4 - Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións | Recoñece as súas posibilidades e limitacións.                              |    |
| CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade   | Recoñece algunhas semellanzas e diferenzas nas persoas.                    |    |
| CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.  | Fai aportacións con axuda sobre as súas emocións, sentimentos e vivencias. |    |
| CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións.                                 | Expresa as súas necesidades cun progresivo control das súas emocións.      |    |
| CA2.5 - Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións.                        | Adapta o seu comportamento en situación coñecidas                          |    |
| CA3.2 - Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.                    | Recoñece hábitos saudables.  |    |
| CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.      | Coidase e coida a contorna.  |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas.</li> <li>- Imaxe global e segmentaria do corpo: características individuais e percepción dos cambios físicos. Autoimaxe positiva e axustada ante os demais.</li> <li>- Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade.</li> <li>- Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado.</li> <li>- Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.</li> <li>- Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás.</li> <li>- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.</li> <li>- Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses.</li> <li>- O xogo como ferramenta de exploración persoal.</li> <li>- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.</li> <li>- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.</li> <li>- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade.</li> <li>- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.</li> </ul> |

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.</li> <li>- Actividade física estruturada con diferentes graos de intensidade.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b> | <b>Duración</b> |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 3         | Arte miúda          | 30              |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> |
|--|--|-----------|
| CA1.3 - Recoñecer as percepcións sensoriais propioceptivas e exteroceptivas captadas a través dos sentidos verbalizando as sensacións que producen   | Explica algunhas sensacións que lle producen os seus sentidos.   | TI        |
| CA1.4 - Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións                                    | Recoñece as súas posibilidades e limitacións.  |           |
| CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.   | Fai aportacións con axuda sobre as súas emocións, sentimentos e vivencias.                                   |           |
| CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións.  | Xestiona as súas emocións  |           |
| CA2.7 - Expressar inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade sobre os logros conseguidos.  | Fai aportacións con axuda en situacións de intercambio comunicativo sobre gustos, preferencias e inqedanzas. |           |
| CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas. | Participa en actividades culturais.  |           |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade.</li> <li>- Avance e control progresivo da motricidade fina.</li> <li>- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.</li> <li>- Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses.</li> <li>- Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais.</li> <li>- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.</li> <li>- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia,</li> </ul> |

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- organización, atención e iniciativa.</li> <li>- Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.</li> <li>- Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto.</li> <li>- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b>   | <b>Duración</b> |
|-----------|-----------------------|-----------------|
| 4         | A vida arredor do mar | 35              |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> |
|--|--|-----------|
| CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade  | Recoñece algunhas semellanzas e diferenzas nas persoas.                    | TI        |
| CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.   | Fai aportacións con axuda sobre as súas emocións, sentimentos e vivencias. |           |
| CA4.5 - Reproducir condutas, accións ou situacións a través do xogo simbólico en interacción cos seus iguais, identificando e rexeitando todo tipo de estereotipos.  | Imita situacións no xogo simbólico.  |           |
| CA4.6 - Participar activamente en actividades relacionadas coa reflexión sobre as normas sociais que regulan a convivencia e promoven valores como o respecto á diversidade e o trato non discriminatorio cara ás persoas. | Escoita e respecta as aportacións sobre as normas sociais                  |           |
| CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecerlas.                                | Participa en actividades culturais.  |           |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas.</li> <li>- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.</li> <li>- Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses.</li> <li>- Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais.</li> <li>- O xogo como ferramenta de exploración persoal.</li> <li>- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.</li> </ul> |

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.</li> <li>- Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións.</li> <li>- A diversidade familiar. Familia, escola e outros contextos socioemocionais. Identificación e diferenciación como primeiros grupos sociais de pertenza e interacción. Outros grupos sociais de pertenza: características, funcións e servizos.</li> <li>- Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.</li> <li>- Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto.</li> <li>- Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos.</li> <li>- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.</li> <li>- Asentamentos e actividades da contorna.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b> | <b>Duración</b> |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 5         | Mergúllate          | 30              |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> |
|--|--|-----------|
| CA1.3 - Recoñecer as percepcións sensoriais propioceptivas e exteroceptivas captadas a través dos sentidos verbalizando as sensacións que producen | Explica algunhas sensacións que lle producen os seus sentidos.   | TI        |
| CA2.7 - Expresar inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade sobre os logros conseguidos.                               | Fai aportacións con axuda en situacións de intercambio comunicativo sobre gustos, preferencias e inquiredanzas |           |
| CA3.3 - Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas.  | Acepta as normas evitando riscos   |           |
| CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa. | Coidase e coida a contorna.  |           |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.</li> <li>- Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses.</li> <li>- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.</li> </ul> |

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades.</li> <li>- Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b> | <b>Duración</b> |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 6         | Quen vive aí?       | 30              |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> |
|--|--|-----------|
| CA1.3 - Recoñecer as percepcións sensoriais propioceptivas e exteroceptivas captadas a través dos sentidos verbalizando as sensacións que producen | Explica algunhas sensacións que lle producen os seus sentidos.   | TI        |
| CA2.7 - Expresar inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade sobre os logros conseguidos.                               | Fai aportacións con axuda en situacións de intercambio comunicativo sobre gustos, preferencias e inquiredanzas |           |
| CA3.3 - Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas.  | Acepta as normas evitando riscos   |           |
| CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa. | Coidase e coida a contorna   |           |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.</li> <li>- Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses.</li> <li>- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.</li> <li>- Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades.</li> <li>- Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b> | <b>Duración</b> |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 7         | Mar aberto          | 90              |

| <b>Criterios de avaliación</b> | <b>Mínimos de consecución</b> | <b>IA</b> |
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA |
|--|--|----|
| CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade  | Recoñece algunhas semellanzas e diferenzas nas persoas.                    |    |
| CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.   | Fai aportacións con axuda sobre as súas emocións, sentimentos e vivencias. |    |
| CA3.3 - Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas.  | Acepta as normas evitando riscos   |    |
| CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.   | Coidase e coida a contorna   |    |
| CA4.5 - Reproducir condutas, accións ou situacións a través do xogo simbólico en interacción cos seus iguais, identificando e rexeitando todo tipo de estereotipos.  | Imita situacións no xogo simbólico.  | TI |
| CA4.6 - Participar activamente en actividades relacionadas coa reflexión sobre as normas sociais que regulan a convivencia e promoven valores como o respecto á diversidade e o trato non discriminatorio cara ás persoas. | Escoita e respecta as aportacións sobre as normas sociais                  |    |
| CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas.                                 | Participa en actividades culturais.  |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas.</li> <li>- Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.</li> <li>- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.</li> <li>- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.</li> <li>- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.</li> <li>- Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.</li> <li>- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.</li> <li>- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.</li> <li>- Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades.</li> <li>- Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.</li> <li>- Actividade física estruturada con diferentes graos de intensidade.</li> </ul> |

## Contidos

- A diversidade familiar. Familia, escola e outros contextos socioemocionais. Identificación e diferenciación como primeiros grupos sociais de pertenza e interacción. Outros grupos sociais de pertenza: características, funcións e servizos.
- Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.
- A amizade como valor, así como elemento protector, de prevención da violencia e de desenvolvemento da cultura da paz.
- Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.
- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas.
- Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos.
- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.
- Asentamentos e actividades da contorna.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Tal e como recollen as orientacións do currículo desta etapa, a metodoloxía que nos permite poñer en práctica esta programación, ha de ter en conta a globalidade e significatividade das aprendizaxes, evitando caer na segmentación das mesmas e permitindo ao alumnado adquirir unha visión integral do mundo que os rodea.

Porén, aínda tendo en conta que ámbalas tres áreas curriculares non poden ser tratadas de xeito illado, facemos referencia aos aspectos metodolóxicos que se relacionan coa Área de Crecemento en harmonía.

Os contidos desta área han de ser tratados mediante actividades que provoquen a curiosidade e o asombro, característicos destas idades, e capaces de xerar unha motivación intrínseca que suscite o seu interese. Propoñendo actividades iniciais provocadoras, actividades de desenvolvemento constructivistas e un produto final reflexo da construción individual da propia aprendizaxe.

Para o desenvolvemento das mesmas, combinamos o traballo individual, o pequeno grupo, priorizando o traballo colaborativo e cooperativo, e o gran grupo.

Pero un dos aspectos que definen a nosa identidade como CRA é a aposta por actividades de agrupamento internivelar, que promova a aprendizaxe entre iguais, a colaboración e o respecto polas demais persoas.

Deste xeito os espazos son estruturados en ambientes, zonas e recantos nos que prima a experimentación, o movemento, a manipulación o pensamento crítico e a iniciación no método científico.

Cómpre que o alumnado habite espazos onde se establezan relacións interpersonais igualitarias, equilibradas e respectuosas. As zonas de aprendizaxe son deseñadas de forma que os nenos e nenas adquiren hábitos de autonomía, saúde e hixiene, tendo en conta a seguridade afectiva e a adquisición dunha autoimaxe axustada como unha das ferramentas que permitirán ao noso alumnado acadar as capacidades e habilidades propias desta área.

Temos moi presente a importancia dos espazos exteriores. Así pois no centro facemos un aproveitamento dos mesmos para promocionar a vida activa, o control do corpo, e o autoconhecimento. Ademais, neste curso primamos as saídas ao exterior fomentando a actividade física, o contacto coa natureza, o lecer alternativo e a participación na comunidade desde unha perspectiva ecosaudable.

Facer estas actividades conxuntas entre as escolas, ten entre os seus fins reforzar o espírito de unidade, o sentimento de escola e a convivencia, como parte dos nosos principios como CRA, dada a situación de dispersión na que se atopan as escolas.

Realizamos actividades e propostas para o desenvolvemento emocional e social a partir de elementos procedentes da natureza, apostando así pola interacción real e a significatividade. As propostas como, minimundos, as as bandexas sensoriais e as rutinas propias de cada aula son exemplos de como os materiais e elementos naturais non estruturados se convirten en ferramenta educativa significativa e libre de estereotipos.

Isto sen entrar en contradición co uso de ferramentas STEAM, facilitadoras do pensamento computacional, lóxico e científico coas que promovemos a cooperación, as actitudes de respecto e a coeducación na nosa aula, e as

tecnoloxías como fonte de información e investigación.

A planificación das Unidades didácticas, entendidas como secuencias de aprendizaxe de actividades interconectadas e secuenciadas do máis simple ao máis complexo, ten en conta o Diseño Universal da Aprendizaxe. Deste modo, coa flexibilidade de tempos, espazos e dificultade, poden ser desenvolvidas por alumando con características psicoevolutivas diferentes, aplicables a diversos ritmos de aprendizaxe e intereses variados, dentro da heteroxeneidade propia do alumnado.

Unha das características que define a esta metodoloxía é a promoción de relacións fluídas e continuadas coas familias, o que permitirá unificar criterios e pautas de actuación entres as persoas adultas que interveñen na educación do alumnado.

Tamén fomentamos a presenza e participación das familias nun proceso de colaboración activa.

Xa por último cabe destacar que este modelo metodolóxico está impregnado dos aspectos propios da educación emocional. Procurar o equilibrio psico-emocional do alumnado, crear ambientes afectivamente significativos, que prime a empatía sobre o individualismo ou identificar e xestionar emocións propias e alleas desde o respecto e a comprensión son os ingredientes desta programación cos que o alumnado pode adquirir as habilidades precisas para o seu desenvolvemento integral.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| <b>Denominación</b>   |
|---|
| Ferramentas tecnolóxicas: Ordenador de aula, tablet de aula, proxector, conexión a internet, robots (beeboot, mouse), reproductor musical                   |
| Material funxible: convencionais (folios, pinturas, rotuladores, ceras,...) e de refugallo (tapóns, corchos, envases, cartóns, carretes, etc)               |
| Material sensorial: mesa de luz, bandexas sensorias (area, fariña, arroz, lentellas,...)  |
| Material visual: carteis, bits, láminas, fotos, pictogramas,...   |
| Biblioteca de centro, de aula, libros, contos, álbumes, titeres, teatrillo, kamisibai, etc.   |
| Material de psicomotricidade: estruturas de gomaespuma, cordas, balóns, xogos de equilibrio, picas, etc.  |
| Material non estruturado: elementos naturais, pezas soltas...   |
| Material de xogo simbólico  |
| Recursos humanos: Alumnado, persoal docente e non docente, familias e calquera persoa que interveña na vida do centro (visitas, talleres, contacontos, etc) |
| Proporcionados pola contorna, nun amplo sentido: todo o que se nos poida ofrecer no contexto que nos rodea. (parques, biblioteca Concello, etc)             |
| Instrumentos musicais.  |
| Xogos de mesa   |



## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Entendemos a avaliación inicial como o comezo do proceso educativo que nos permite a planificación da nosa intervención a partir da análise, tanto do nivel de desenvolvemento individual do alumnado como das necesidades do grupo.

Nas primeiras semanas do curso levarase a cabo a avaliación inicial ou diagnóstica a través de:

- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas.
- Análise das producións plásticas, escritas, musicáis, etc realizadas polo alumnado
- Información aportada polas familias ou titores legais na entrevista inicial.
- Diagnóstico do estado físico, emocional, coñecementos previos e limitacións de cada alumna e alumno

Subliñar o factor preventivo da avaliación inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temprana das necesidades educativas como para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias.

Esta avaliación inicial realizarase unha vez superado o periodo de adaptación, teranse en conta información obtida durante este periodo, pero se agardará a que o alumno se amose adaptado ás rutinas e a realidade da aula.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución dos criterios para cada unidade ou aspecto concreto segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación: sen dificultade, en proceso, con dificultade de forma que, o alumno/a obterá a súa cualificación en función do grado de consecución observado polo mestre/a.

### Criterios de recuperación:

Este apartado non procede nesta etapa educativa

## 6. Medidas de atención á diversidade

A Orde do 8 de Setembro de 2021 considera a diversidade como un valor, o que significa non só valorar as diferenzas, senón tamén aproveitar todas as potencialidades de cada persoa para que todas e cada unha se sintan plenamente

incluídas e contén cos espazos de participación e desenvolvemento aos que a súa condición humana lles dá dereito.

Así mesmo define o sistema educativo plenamente inclusivo e de calidade como aquel que garanta a atención de cada alumna e de cada alumno segundo a súa realidade persoal e social.

E xa por último asevera que o deseño universal para a aprendizaxe (DUA) ten como finalidade lograr a inclusión efectiva de todo o alumnado, con independencia da súa diversidade asegurando que o currículo sexa planificado e posto en práctica de tal forma que non supoña impedimento nin barreira para as persoas no desenvolvemento das súas competencias.

Así pois coa diversidade, a inclusión e o DUA, poñemos en práctica a presente programación coas medidas ordinarias que nos permitan atender á diversidade do grupo, tais como:

- Flexibilizar os tempos de acollida, desenvolvemento, descanso e actividade, atendendo aos ritmos persoais e que lles permitan integrarse da forma máis favorable nas dinámicas do grupo aula.
- Crear espazos estimulantes nos que prime a experimentación e os diferentes niveis de dificultade para atender ao maior número de necesidades. Estes serán afectivamente significativos para propiciar as relacións e que permitan a TEI.
- Valorar e reforzar a educación emocional, con atención individual e reforzo tendente a potenciar o autoconceito,

cunha imaxe real e axustada e axudando a superar os medos e as frustracións.

- Levar a cabo a estimulación da linguaxe e a creatividade nas rutinas de aula favorecendo a participación e a expresión por diferentes medios.
- Seleccionar os elementos curriculares relacionados cos aspectos que mellor se adapten aos criterios de interese e significatividade para grupo aula como medio para alcanzar os obxectivos da etapa e a consecución das competencias clave.
- Estructurar e secuenciar as actividades, empregar linguaxe simple e clara complementando, de ser preciso, con apoios visuais para facilitar a comprensión das tarefas.
- Potenciar o uso responsable das TIC como instrumento para a investigación e a construción de aprendizaxes.
- Formar os agrupamentos que permitan o traballo cooperativo e colaborativo e o reforzo individual de se-lo caso.
- Levar a cabo unha avaliación individualizada, cos instrumentos adaptados a cada proceso coa observación directa e sistemática como prioridade.
- Valorar a importancia do proceso, dos logros e avances individuais atendendo ás características persoais, por enriba do resultado homoxéneo.

En canto ás medidas ordinarias e extraordinarias referidas ao alumnado NEAE dependente do D.O, estas serán coordinadas e adaptadas en estreita colaboración coas persoas especialistas que interveñan na aula, e executadas tras a avaliación inicial que permite o seu deseño e seguimento.

Sen esquecer que a atención á diversidade real baséase na estreita colaboración e coordinación coas familias, chegando a un punto de entendemento nas actuacións individuais que nos permitan unha acción conxunta e coherente para o logro do desenvolvemento integral e positivo do alumnado.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

|  | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional.       | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.2 - - Hábitos de control corporal.                        |      | X    |      |      |      |      |      |
| ET.3 - - Pautas elementais de convivencia e relación social. | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.4 - - Coidado da contorna e dos seres vivos.              |      |      |      |      | X    | X    | X    |
| ET.5 - - Educación para o consumo responsable.               |      |      |      |      | X    |      |      |
| ET.6 - - Educación igualitaria e libre de estereotipos.      | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.7 - - Alimentación e hábitos de vida saludable.           | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade          | Descrición  | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---------------------|---|----------|----------|----------|
| Grupos interactivos | Ó longo do curso invitaremos a unha persoa familiar ou algún profesional para que veña a contar un conto. | X        | X        | X        |

| Actividade                | Descrición  | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---------------------------|---|----------|----------|----------|
| Saída de campo.           | Durante este curso faremos saídas para afondar no traballo na aula (domuns, roteiros polas parroquias do CRA, area de lecer de San Sadurniño,...).        | X        | X        |          |
| Obradoiros                | Realizados polo Concello ou outras entidades para traballar educación en valores, achegamento á nosa cultura,...  |          |          | X        |
| Proxectos medioambientais | Participando no programa de Edu-sostibilidade   | X        | X        | X        |
| Conmemoracións e festas   | A comunidade educativa poderá planificar e participar en distintas celebracións ao longo do curso: samáin, magosto, día da paz, entroido, letras galegas. | X        | X        | X        |
| Saída de fin de curso     | Actividade lúdica para gozar dun día de praia   |          |          | X        |

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro  |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico              |
| Deseño das actividades adecuadas ao alumnado  |
| Elementos curriculares presentes nas actividades  |
| Instrumentos de avaliación eficaces e adecuados   |
| Temporalización de actividades adecuada   |
| A avaliación do alumnado utilízase para modificar o proceso de ensinanza aprendizaxe.                       |
| Metodoloxía empregada   |
| Tivéronse en conta os intereses do alumnado no deseño de actividades e propostas                            |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos  |
| Utilízase diversidade de materiais para acceder á información, para expresarse e para fomentar a motivación |
| Empréganse diversos recursos didácticos   |
| Medidas de atención á diversidade   |
| Contémpanse todas as NEAE no deseño das actividades   |
| Promóvese o desenvolvemento de diferentes capacidades e habilidades.  |
| Individualización do proceso ás características de cada alumna/o  |

|  |
|--|
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Existe coordinación co equipo docente  |
| Promóvese a participación das familias   |

**Descrición:**

Todos os indicadores de logro teranse en conta para recoller información sobre o proceso de ensinanza para poder modificalo e melloralo

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A programación valorarase a través da realización dunha rúbrica na que se puntuarán os indicadores citados anteriormente.

Haberá un seguimento a través da aplicación Proens dende a coordinación de ciclo en infantil ao rematar cada trimestre.

**9. Outros apartados**